



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

Con data 13 de xaneiro de 2016, rexistro de entrada número 16/058, don Manuel Sotullo Rendo, en calidade de representante da Comisión de Festas de Oural, solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares de Oural durante el día 17 del presente mes de xaneiro.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia,

RESOLVO:

1º Conceder ao representante da Comisión de Festas de Oural licenza para a realización de verbenas e bailes en Oural coas seguintes:

Día 17 de xaneiro de 2016

Tipo de espectáculo : Verberna ao aire libre consistente en baile a cargo do dúo Obice Capital.

Características do escenario :

Camión de 4,00 mts. de longo, 2,50 mts. de alto e 2,50 mts. de fondo.

A previsión de asistencia de público estímase en torno ás 200 persoas

O horario será de 13:00 a 21:00 h.

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos desperfectos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas,

e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

Boqueixón, 13 de xaneiro de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato

OS Decretos 2 e 3 quedaron sen efecto.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

4
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

Clasificación das ofertas presentadas na contratación do seguro de responsabilidade civil do concello.

Na Xunta de Goberno realizada o día 7 de xaneiro, abriuse a documentación presentada pola empresa Mapfre, SA para a contratación do seguro de responsabilidade civil municipal.

A prima anual ofertada é de 2.490,00 euros/ano. O importe total do contrato é de 4.980,00 euros polos dous anos de vixencia e a proposta axústase ó prezo máximo do contrato.

Con relación á documentación presentada, tanto xustificativa da póliza como das melloras ofertadas, realízase un informe das propostas e cotéxanse coas cláusulas especificadas nos pregos. Segundo o art. 151.3 parágrafo segundo do TRLCSP, non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

Debido á urxencia no comezo da vixencia do contrato, Resolvo:

1 Avocar, por razóns de índole técnica, a clasificación das ofertas presentadas para a contratación do seguro de responsabilidade civil do concello.

2 Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, tendo en conta que se presentou ó concurso unha única proposta:


Empresa	Criterios	Puntuación
Mapfre, SA	Oferta económica	60 puntos
	Melloras en límites e sublímites	10 puntos
	Melloras en coberturas	10 puntos
	Redución de franquicia	10 puntos
	Total	90 puntos

3 Requirir ó licitador con maior puntuación para que presente, no prazo de 2 días hábiles a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de constituír a garantía definitiva polo importe equivalente ó 5% do importe ofertado.

4 Comunicar ó licitador, que o seguro contratado iniciará a súa vixencia o día 15 de xaneiro ás 00.00 horas.

Boqueixón, 14 de xaneiro de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

5
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

Resolución da alcaldía

Aprobación de facturas

Con data 26 de xuño do ano 2015, recíbense no concello unha serie de produtos de limpeza (en concreto, 3 garrafas de multiusos, 3 de deterxente repelente de insectos e 1 de xabón de mans), segundo o albarán que asina o Sr. Sanjuás Mera. A empresa que envía o material é BioVital Light, SL.

Na Xunta de Goberno do día 6 de agosto de 2015, aprobouse unha factura por importe de 513,77 euros pola compra de 1 garrafa de multiusos e 1 garrafa de deterxente repelente de insectos. Posteriormente foi aboada.

O día 25 de agosto de 2015, ten entrada no rexistro municipal unha segunda factura polo mesmo concepto e co mesmo importe que a mencionada no parágrafo anterior. Desde este momento pénsase que a empresa cometeu un erro e que a factura non está ben emitida.

Sen ter coñecemento o Servizo de Intervención, inténtanse dilucidar os pormenores do subministro, así como os acordos comerciais que o responsable da compra concertou coa empresa.

Posteriormente, o día 30 de decembro recíbese un requirimento de pago da empresa BioVital Light,SL, e neste momento, é cando se lle pasa a documentación a Intervención e ó mesmo tempo se aclaran os termos da compra:

Cando o Sr. Sanjuás efectuou a compra, entendeu que no momento en que se fora servindo o material se irían aboando as facturas, pero isto non foi así. O material foi entregado dunha soa vez, e as facturas repartidas en tres prazos, pero sen data concreta. Polo tanto, de aí que se dubidara das facturas recibidas.

Cumpre aclarar que co material pedido, e que foi comprobado que estivera nestas dependencias todo o sinalado no albarán, tamén se fixo entrega dunha garrafa de xabón de mans que non tivo ningún tipo de custo.

Xa no mes de xaneiro, con data do día 5, rexístrase a última factura, das 3 que correspondían ó subministro, polo que é preciso facer o pagamento destas dúas últimas, despois de ter aclaradas as dúbidas respectivas.

Despois de consultar datos con Tesourería, aínda existe crédito dispoñible do orzamento do ano 2015 para facer o pagamento desta dúas facturas. Polo tanto, Resolvo:

1 Aprobar as seguintes facturas:

Factura núm. 4000292 emitida por BioVital Light, SL, con data 3/08/2015 (Rexistro 15/1658 - 25/08/2015), por 2 envases de 15 l. de multiusos universal e deterxente repelente de insectos por importe de 513,77 euros.

Factura núm. 4000308 emitida por BioVital Light, SL, con data 18/08/2015 (Rexistro 16/13 - 5/01/2016) por 2 envases de 15 l. de multiusos universal e deterxente repelente de insectos por importe de 513,77 euros.

Comunicar a Tesourería que realicen o pagamento con cargo ó orzamento do ano 2015 na partida 920.212.00

Boqueixón, 15 de xaneiro de 2016.



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

6
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

Con data 12 de xaneiro de 2016, rexistro de entrada número 16/047, o traballador laboral fixo do concello, don Casiano Veleiro Diéguez, solicita que se lle faciliten os cálculos correspondentes á xornada laboral de traballo do 25 % co fin de acollerse á xubilación parcial do 75 %, no seu caso.

Realizados ditos cálculos e comunicados ao Sr.Veleiro Diéguez, con data 13 de xaneiro de 2016, rexistro de saída número 16/026, este mesmo día 13 de xaneiro (rexistro de entrada número 16/059) comunica a súa conformidade e solicita que se proceda cos trámites necesarios para a súa xubilación parcial do 75 % e consecuentemente para a súa xornada laboral no concello de Boqueixón do 25 %, a partires do 15 de febreiro de 2016, incluído.

Tendo en conta o artigo 12, apartados 6 e 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro polo que se aproba o Estatuto dos Traballadores, polo que nos casos de xubilación parcial se debe concertar un contrato de relevo co obxecto de substituír a xornada de traballo deixada vacante. Este contrato de relevo concentrarase a xornada completa e con duración indefinida.

Este contrato de relevo, segundo o citado apartado 7 deberá celebrarse cun traballador en situación de desemprego e deberá de alcanzar, como mínimo, unha duración igual ao resultado de sumar dous anos ao tempo que lle falta ao traballador substituído para alcanzar a idade de xubilación ordinaria.

A vista do cal, RESOLVO:

1º Aceptar a xubilación parcial, do traballador don Casiano Veleiro Diéguez, correspondente ao 75 %, e a partires do 15 de febreiro de 2016.

2º Establecer a xornada de traballo do 25 % para este traballador de acordo coas seguintes condicións económicas a aboar polo concello:

Salario bruto mensual : 413,85 euros
Seguridade Social mensual : 339,48 euros
Total gasto mensual : 753,33 euros

3º Iniciar os trámites necesarios para a realización do contrato de relevo a tempo completo e indefinido.

Boqueixón, 15 de xaneiro de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

7

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

DECRETO

O Pleno da corporación en sesión plenaria que tivo lugar o 10 de decembro do 2015 acordou aprobar a modificación presupostaria número 3 do presuposto xeral municipal para o ano 2015, co fin de transferir ás seguintes partidas presupostarias deficitarias os seguintes importes das partidas que a continuación se detallan:

Á partida	Transferencia	Total partida	Da partida	Crédito existente	Crédito restante
231.227.99 (Atención social)	39.255,81	282.255,81	912.226.01	7.000,00	3.392,00
			912.233.00	46.000,00	39.360,00
			231.480.00	15.000,00	0,00
			011.310.00	8.400,00	5.213,95
			011.913.00	302.358,31	291.536,55
				378.758,31	339.502,50
163.213.00 (Limpeza viaria)	5.000,00	6.000,00	414.212,00	3.000,00	0,00
			414.213,00	2.000,00	1.000,00
			414.221,99	1.000,00	0,00
				6.000,00	1.000,00
161.221.00 (Enerxía eléctrica/ abastecemento)	42.513,96	48.513,96	334.120.04	8.378,58	0,00
			334.120.06	1.251,30	0,00
			334.121.00	5.527,06	0,00
			334.121.01	4.857,02	2.500,00

			162.1.143.00	15.459,22	6.459,22
			920.213.00	20.000,00	14.000,00
			920.220.00	12.000,00	7.000,00
			920.233.00	27.753,01	22.753,01
				95.226,19	52.712,23
441.2.441.10	300,00	11.300,00	920.233,00	22.753,01	22.453,01
(Transporte metropolitano)				22.753,01	22.453,01
TOTAIS	87.069,77	348.069,77	-----	502.737,51	415.667,74

O referido acordo foi publicado no BOP número 239 de 15 de decembro do 2015, durante 15 días hábiles, non presentándose reclamacións. A publicación definitiva da modificación presupostaria tivo lugar no BOP número 9 do 15 de xaneiro do 2016.

Polo exposto Resolvo:

1. Considerar definitivamente aprobada a modificación presupostaria número 3 correspondente ó exercicio presupostario 2015.
2. Proceder a dar conta do decreto ó departamento de Tesourería-Intervención ós efectos oportunos.

Boqueixón, 15 de xaneiro do 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

Adxudicación do contrato do seguro de responsabilidade civil do concello.

Na resolución da alcaldía ditada o día 14 de xaneiro, clasificáronse as ofertas presentadas no concurso de adxudicación do contrato de seguro de responsabilidade civil municipal.

A única oferta presentada, obtén as seguintes puntuacións e requíreselle ó licitador que presente o aval e demais documentación que se lle sinala:

Empresa	Criterios	Puntuación
Mapfre, SA	Oferta económica	60 puntos
	Melloras en límites e sublímites	10 puntos
	Melloras en coberturas	10 puntos
	Redución de franquicia	10 puntos
	Total	90 puntos

O importe da prima anual é de 2.490,00 euros.

Con data 14 de xaneiro, envíaselle a Seguros Mapfre, SA, un requirimento onde se lle solicita documentación xustificativa do cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como o correspondente aval.

O día 15 de xaneiro, a empresa presenta a documentación correspondente e o aval.

Ó ser preciso adxudicar o contrato, Resolvo:

1 Adxudicar o contrato do seguro de responsabilidade civil do concello á empresa Mapfre Seguros, SA por un período de 2 anos, que se contarán desde o día 15 de xaneiro de 2016 ó 14 de xaneiro de 2018 e polo importe de 2.490,00 euros/ano.

2 Comunicar este acordo á empresa adxudicataria que deberá achegar ó concello a correspondente póliza, de acordo coa ofertada presentada e cos pregos de prescricións técnicas.

Boqueixón, 18 de xaneiro de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

DECRETO

Con data 13 de xaneiro de 2016, rexistro de entrada número 16/057 recíbese do xulgado contencioso – administrativo número 2 de Santiago de Compostela dilixencia de ordenación no procedemento : **PSS peza separada de medidas cautelares 0000689/2015 0001 PROCEDIMIENTO ABREVIADO**, de Allianz Compañía de Seguros e Reaseguros SA contra o Concello de Boqueixón.

Acórdase, formar a presente peza separada e dar traslado ao concello para que no prazo de DEZ DIAS expoña o que estime conveniente sobre a solicitude formulada pola recurrente. Así mesmo, con data 15 de xaneiro de 2016, rexistros de entrada número 75 e 76, recíbense sendos oficios solicitando:

- 1.º Certificación das obras de reparación da Ponte de Donas, sobre o rego de Valpedre e no seu caso, copia do expediente completo.
- 2. Informe sobre a sinalización vertical que á data 29 de abril do 2015 afectaba á pista e a que afectaba a todos os viais que levan desde a AC-240 ata a ponte.

A esta data non se ten iniciada a execución das referidas obras por mor do mal tempo que imposibilitaba a correcta execución das mesmas.

Neste momento procede iniciar o expediente de contratación urxente e tendo en conta que a valoración da execución ascende a 8.054,91 € IVE incluído, e que o artigo 138.3 da Lei de contratos do sector público establece que son contratos menores de obras os de importe inferior a 50.000 € e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte con habilitación profesional necesaria.

Tendo en conta así mesmo o establecido no artigo 111 da mesma Lei de contratos que establece que na tramitación do expediente só esixe a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, ademais do presuposto de obras, e igualmente debido á urxencia de proceder á execución da obra


RESOLVO:

- 1. Avocar o coñecemento deste asunto e iniciar os trámites para executar as obras de reparación da Ponte que está sobre o rego de Valpedre – Donas, cuxo presuposto total ascende a 8.054,91 € IVE incluído.
- 2. Solicitar oferta para a execución a Hermanos Couto Fandiño SL a presentar no prazo máximo de 5 días hábiles.

Boqueixón, 19 de xaneiro do 2016

O alcalde

Ovidio Rodríguez Tato





CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

10
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

O concello de Boqueixón acordou xestionar directamente o servizo de abastecemento de auga municipal, para o cal é necesario dispoñer dun traballador que reúna as condicións precisas para a realización deste tipo de traballos.

Por outro lado, o traballador laboral fixo, capataz de servizos, don Casiano Veleiro Dieguez ten solicitado e concedida a xubilación parcial correspondente ao 75%, polo que a súa xornada laboral no concello será do 25% a partires do día 15 de febreiro deste ano.

O Real Decreto Lexislativo 2/2015 do 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto dos Traballadores, no seu artigo 12 apartados 6 e 7 establecen que cando a xubilación parcial alcance o 75% deberá concertarse simultaneamente un contrato de relevo a xornada completa con duración indefinida.

Así mesmo, a lei 48/2015 de 29 de outubro, de presupostos xerais do estado para 2016, no seu artigo 20 apartado dous, establece que durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos, **salvo** en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, función e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que **afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais**.

No apartado catro, establece que a contratación deste persoal laboral ou funcionario interino ou estatutario temporal **requerirá** a previa autorización do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Tendo en conta que o servizoo de abastecemento de auga é un servizo mínimo obrigatorio para o concello e tendo en conta, así mesmo, que a xubilación do traballador é do 75%, resulta amplamente xustificada a excepcionalidade e a prioridade do servizo para o cal se pretende levar a cabo a contratación.

Por todo o cal, **RESOLVO**,

PRIMEIRO.- Iniciar os trámites para a realización do contrato de relevo a xornada completa, para a contratación dun capataz de servizos .

SEGUNDO.- Aprobar as seguintes BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE RELEVO DO POSTO DE CAPATAZ DE SERVIZOS, POR XUBILACIÓN PARCIAL

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto das presentas bases a contratación dun Capataz de servizos, persoal laboral indefinido, modalidade CONTRATO DE RELEVO vinculado á xubilación parcial dun/ha traballador/a do Concello de Boqueixón, con carácter de laboral dun traballador deste concello, con carácter

indefinido e a tempo completo, cunha duración igual ó tempo que falte ó traballador substituído para acadar a idade de xubilación máis dous anos adicionais, cuxas características son:

- Grupo de cotización : 8
- Formación a acreditar: a utilización dos medios mecánicos ou técnicos que se lle asignen, das tarefas relacionadas co funcionamento e mantemento dos diferentes edificios, servizos e instalacións municipais, obras en xeral, auga, saneamento, limpeza, medioambiente, manexo de maquinaria, ferramenta, vehículos, etc, e outras labores requeridas polos servizos municipais
- Xornada de traballo: a tempo completo.
- Salario: salario segundo categoría tendo en conta que a base de cotización non poderá ser inferior ao 65% do promedio das bases de cotización correspondentes aos seis últimos meses do período de base reguladora da pensión de xubilación parcial
- Funcións: similares as do traballador substituído entendendo que son funcións da presente contratación a realización dos servizos básicos correspondentes a un municipio de menos de 5.000 habitantes e calquera outro que estableza a Lei.
- Duración do contrato: Deberá acadar polo menos unha duración igual ó resultado de sumar dous anos ó tempo que lle falte ó traballador substituído para acadar a idade ordinaria de xubilación.
- Requisitos mínimos do relevista: estar en situación de desemprego.

SEGUNDA.- MODALIDADE DO CONTRATO

A modalidade do contrato é de RELEVO regulada no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

TERCERO.- CONDICIÓN DE ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte nas probas de selección, será necesaria, de acordo co establecido no artigo 50 da Lei 2/2015 de 29 de abril do emprego público de Galicia:

- a) Ter a nacionalidade española, sin perxuízo do disposto no artigo 52 da citada norma.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa
- c) Titulación mínima: estar en posesión do título do certificado de escolaridade ou equivalente, e así mesmo do **permiso de conducir tipo B**. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse, no seu día, certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación. (Requírese copia compulsada dos títulos).
- d) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público. (Achégase declaración xurada a cubrir polo aspirante que deberá presentar no momento de solicitude de participación no proceso selectivo) .
- f) Estar desempregado/a e inscrito/a como desempregado/a no Servizo Público de Emprego.
- g) Estar en posesión de curso ou certificado de manipulador de alimentos.

OS/AS ASPIRANTES DEBERÁN REUNIR TODOS OS REQUISITOS ANTERIORMENTE CITADOS NA DATA NA QUE FINALICE O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS .

CUARTA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Unha vez aprobada a convocatoria polo alcalde, publicarase a convocatoria e bases que rixen a mesma mediante anuncio no boletín oficial da provincia, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Boqueixón.

As sucesivas publicacións necesarias para o desenvolvemento do procedemento selectivo efectuareanse a través do tablón de edictos do concello e na páxina web municipal www.boqueixon.es

As solicitudes para tomar parte nas correspondentes probas de acceso dirixiranse ó alcalde do Concello de Boqueixón (de conformidade co modelo de instancia, da presente convocatoria) e presentaránse no rexistro de entrada do concello, no prazo de **5 días hábiles** contados a partir do día seguinte ó da publicación no Botelín Oficial da provincia. Tamén se publicará no taboleiro de anuncios e na páxina Web do Concello de Boqueixón. As solicitudes que se fagan noutro Rexistro Xeral distinto do de Boqueixón, deberán remitir unha copia de dita solicitude ó fax 981 513 000 no prazo máximo establecido para a presentación da citada solicitude.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- Fotocopia compulsada do DNI o, no seu caso, pasaporte.
- Acreditación de situación de desemprego e estar inscrito/a como demandante de emprego, mediante tarxeta de demandante de emprego da Oficina pública de emprego.
- Fotocopia compulsada do título habilitante para participar no proceso.
- Fotocopia compulsada do permiso de circulación.
- Fotocopia compulsada do título acreditativo de ter o curso de manipulador de alimentos.
- Documentación acreditativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, dos méritos a valorar pola comisión seleccionadora.
- Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria pública no modelo que se achega.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de instancias, a alcaldía dictará resolución no **prazo de 3 días**, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as. Dita resolución publicarase no taboleiro de edictos do concello e na páxina web, e se sinalará un prazo de **5 días hábiles** para a subsanación. A subsanación será única e exclusivamente dos requisitos de admisión, non dos méritos que aleguen, de cuxa exactitude e adecuación serán responsables os/as solicitantes.

Transcurrido o prazo de subsanación pola alcaldía dictarase resolución da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos do concello e na páxina web. Na mesma publicación farase constar a composición da Comisión seleccionadora, o día, hora, e lugar no que se realizará a proba de selección.

No caso de non existir aspirantes excluídos/as, e por tanto non proceder o prazo de subsanación, obviarase a primeira publicación, podendo realizarse directamente a segunda, coa lista definitiva de aspirantes admitidos, a composición da Comisión seleccionadora, o día, a hora, e lugar no que se realizará a proba de selección.

SEXTA.- TRIBUNAL CALIFICADOR

1.- O tribunal calificador será nomeado pola Alcaldía e estará composta por 5 membros: un/unha presidente/a, 3 vogais, e un/unha secretario/a. De conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, a composición do tribunal calificador das probas selectivas deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de

paridade entre mulleres e homes, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

2.- O tribunal calificador estará integrado como segue:

A.- PRESIDENTE:

Un/unha funcionario/a do Concello de Boqueixón

B.- VOGAIS:

Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón que se designen

C.- SECRETARIA

A da corporación ou funcionario/a en quen delegue, con voz pero sin voto

3.- O tribunal calificador non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo necesaria a asistencia do presidente e do/a secretario/a. As decisións se adoptarán por maioría, resolvendo en caso de empate o voto de calidade de quen actúa como presidente/a. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 30/92, de 26 de novembro. O tribunal calificador continuará constituída ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

4.- Os membros do tribunal calificador deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, debendo notificalo á presidencia, en caso contrario poderán ser recusados polos/as aspirantes se concurre algunha daquelas circunstancias.

5.- A Actuación do tribunal calificador axustarase estrictamente ás bases da convocatoria.

6.- Serán de aplicación a dito Órgano as normas sobre constitución de órganos colexiados previstas nos art. 22 e seguintes da Lei 30/1992, así como o disposto nos art. 28 e 29 de dita norma legal.

SÉTIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS.

1) O procedemento de selección dos/as aspirantes constará das seguintes fases: **FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS**

1.- A puntuación obtida nesta fase, que non será eliminatoria nin poderá terse en conta para superar a fase de oposición, incorporarase á puntuación final de aqueles/as aspirantes que teñan superado a fase de realización das probas, a efectos de determinar a calificación final e orde de puntuación.

Os méritos puntuables (máximo 5 puntos) son os que seguidamente se indican, coa puntuación sinalada para cada un deles:

a) Experiencia profesional: poderá outorgarse ata **un máximo de 3 puntos**, de acordo cos seguintes criterios:

- Por cada mes completo de servizos efectivos prestados en empresas privadas coas funcións da praza iguais ou similares á que se oferta: 0,10 puntos.
- Por cada mes completo de servizos efectivos prestados en Administracións públicas coas funcións da praza iguais ou similares á que se oferta: 0,20 puntos.

2.- Por cursos de formación relacionados co posto, debidamente acreditados a xuízo da comisión seleccionadora, corresponderá **ata un máximo de 2 puntos**, de acordo cos seguintes criterios:

- Cursos entre 10 e 30 horas de duración: 0,20 puntos.
- Curso entre 31 e 50 horas de duración: 0,40 puntos.
- Curso entre 51 e 99 horas de duración: 0,60 puntos.
- Curso de máis de 100 horas de duración: 1 punto.

- Os cursos que se aporten de **galego** ou validación (só se computará o de nivel máis alto):

Celga 4: 1 punto

Celga 3: 0,75 puntos

Celga 2: 0,50 puntos

Celga 1: 0,25 puntos

Os méritos admisibles e valorables serán únicamente os causados ata a data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias. A falta de acreditación dos méritos non será subsanable e xerará a non valoración dos mesmos.

1) FASE DE REALIZACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS: consistirán na realización de dúas probas, unha de carácter teórico e outra de carácter práctico, que se desenvolverán como segue:

- **PROBA TEÓRICA:** consistirá na resolución, por escrito, dun exercicio tipo test, de 25 preguntas, relacionado co temario adxunto. Cada resposta correcta terá un valor de 0,40 puntos. As respostas incorrectas non puntuán en negativo.

O presente exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio, calificándose ata un máximo de 10 puntos sendo eliminados os/as aspirantes que non acaden un mínimo de 5 puntos. Aqueles/as aspirantes que non acaden a puntuación mínima esixida non poderán realizar as probas prácticas.

- **PROBA PRÁCTICA:** Consistirá nunha ou varias probas de carácter práctico acordada pola comisión seleccionadora antes da realización da mesma, e está relacionada coas tarefas que o posto require, e no tempo que o tribunal calificador determine. A presente proba terá carácter obligatoria e é eliminatoria, calificándose ata un máximo de 10 puntos sendo eliminados os/as aspirantes que non acaden un mínimo de 5 puntos.

Para superar esta fase é preciso obter un mínimo de 5 puntos na proba teórica e 5 puntos na proba práctica.

Os/as aspirantes que superen as probas sumarán a puntuación acadada na fase do concurso de méritos.

OITAVA. SUPERACIÓN DO PROCESO SELECTIVO

- Superarán o proceso selectivo aqueles/as aspirantes que, ordenados segundo a puntuación global acadada, lle corresponda un número de orde igual ou inferior ó número de prazas convocadas.

- Para a obtención da puntuación global a comisión seleccionadora sumará as puntuacións de ambas fases, de aqueles/as aspirantes que superasen as probas selectivas.

- No caso de empate a orde se establecerá atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:

a) Maior puntuación obtida na fase de probas.

b) Maior puntuación obtida en cada un dos exercicios da fase de proba por orde en que se teñan realizado.

c) Maior puntuación nos apartados do baremo de méritos pola orde en que estes aparezan na convocatoria.

- En ningún caso o tribunal calificador poderá declarar que teñen superado o proceso selectivo, e por tanto, aprobado maior número de aspirantes que o número de prazas convocadas.

- O tribunal calificador queda facultado para determinar o nivel mínimo esixido para a obtención das calificacións de conformidade co sistema de valoración que acorde en cada exercicio.

NOVENA.- RELACIÓN DE APROBADOS/AS E CONTRATACIÓN

Rematada a calificación dos/as aspirantes, o tribunal calificador publicará no taboleiro de anuncios deste concello e na páxina web, a relación de todos os/as aspirantes coa puntuación obtida, así como a proposta dos/as aspirantes seleccionados como titular e suplentes.

Abrirase un prazo de 10 días para a presentación das alegacións ós resultados acadados que se indicarán cando se publique o listado da puntuación final. De non presentarse elevarase a definitiva a lista que se publicará na páxina Web do Concello e no taboleiro de anuncios.

Cando o tribunal non poida efectuar proposta de nomeamento por non ter concurrido os/as aspirantes ou por non ter acadado a puntuación esixida para superar as probas selectivas, elevará proposta á alcaldía de que se declare deserta.

DÉCIMA.- LISTA DE ESPERA OU BOLSA DE TRABAJO

Constituirá unha lista de espera ou bolsa de traballo, con vixencia ata a xubilación do/a traballor/a substituído/a, para o caso de resolución de contrato ou calquera outra vacante que poidera sobrevenir, seguindo a orde de puntuación obtida polos/as restantes aspirantes. En caso de renuncia ou baixa dalgún dos/as seleccionados/as, este pasará a ocupar o último lugar na lista, ocupando o seu posto o seguinte da mesma. No caso de que algún dos/as seleccionados/as renunciara dúas veces quedará fora da bolsa de traballo.

UNDÉCIMA.- CONTRATACIÓN

1.- No prazo máximo de dous días seguintes ó da data de publicación definitiva da relación de seleccionados/as polo o tribunal calificador, o alcalde dictará resolución sobre a contratación do/a seleccionado/a.

2.- Co/a nomeado/a celebranse contrato laboral de relevo.

DUODÉCIMA.- EXTINCIÓN DA RELACIÓN LABORAL

Habida conta do carácter de duración determinada na contratación, a extinción da relación laboral producirase por xubilación total, dimisión, morte, incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez ou declaración de calquera situación que implique perda da condición de empregado público do traballador relevado xubilado parcialmente.

DÉCIMA TERCEIRA.- INCIDENCIAS

1.- A presente convocatoria nas súas bases e cantos actos administrativos se deriven da mesma e das actuacións da Comisión seleccionadora, poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos e nas normas establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novemebro, sobre Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

2.- A comisión seleccionadora queda facultada para resolver as dúbidas que poidan presentarse, e adoptar resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde do concurso, en aqueles aspectos non previstos nestas bases.

DÉCIMO CUARTA.- A presente Resolución será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello de Boqueixón e na páxina web.

Anexo I. TEMARIO

- Listado de parroquias e núcleos do Concello de Boqueixón.
- Fontanería.
- Albanelería.
- Xardinería.
- O municipio: Concepto, Organización e competencias do municipio.
- Normas básicas de seguridade e saúde laboral.

**INSTANCIA
DATOS PERSOAIS**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF/DNI
TELÉFONO(E-MAIL):	ENDEREZO: RUA OU PRAZA E NÚMERO:		CÓDIGO POSTAL:
CONCELLO	PROVINCIA	NACIONALIDADE	

CONVOCATORIA

POSTO DE TRABA CONTRATACIÓN LABORAL DE RELEVO DO POSTO DE CAPATAZ DE SERVIZOS, POR XUBILACIÓN PARCIAL	SISTEMAS ACCESO: CONVOCATORIA PÚBLICA
DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA: - - - - - - -	
En Boqueixón, o de.....2016	Selo da Entidade
Sinatura	

ANEXO II

Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria pública para a selección da CONTRATACIÓN LABORAL DE RELEVO DO POSTO DE CAPATAZ DE SERVIZOS, POR XUBILACIÓN PARCIAL.

Don/a.....,
con DNI..... e domicilio en
nacional de....., a efectos de poder participar no proceso selectivo de CONTRATACIÓN LABORAL DE RELEVO DO POSTO DE CAPATAZ DE SERVIZOS, POR XUBILACIÓN PARCIAL.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas en non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.

Asemesmo, a efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes,

DECLARA:


- Que non desempeña ningún posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984,

- Que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

TERCEIRO.- Dar conta desta resolución á subdelegación provincial do goberno aos efectos do apartado catro do citado artigo 20 da lei de presupostos xerais do estado 2016.

CUARTO.- publicar esta convocatoria no boletín oficial da provincia, na páxina web do Concello e no taboleiro de edictos.

Boqueixón, 19 de xaneiro de 2016.



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

DECRETO

No Xulgado do Contencioso Administrativo número 2, de Santiago de Compostela, estase a xulgar polo procedemento abreviado 689/2015, o expediente administrativo contra o Concello de Boqueixón, en concreto contra acordo da Xunta de Goberno Local sobre reclamación de danos. A demanda interponse por Allianz Compañía de Seguros e Reaseguros SA, sendo o letrado don Carlos Ovidio Pardo Montaña e prôcurador don Luis Rieiro Noya.


O 18 de xaneiro de 2016 ten entrada no rexistro municipal co número 16/86, o oficio do letrado da Administración de Xustiza, polo que se require ó concello para que no prazo de polo menos quince días de antelación ao sinalado para a vista (sinalada para o 16/02/2016) se remita o expediente.

RESOLVO :

1. Achegar copia do expediente administrativo autenticado, completo, encadernado, foliado e con índice de documentos, ao Xulgado do Contencioso / Administrativo número 2, de Santiago de Compostela, procedemento abreviado 689/2015, referido ó expediente contra o Concello de Boqueixón, en concreto contra acordo da Xunta de Goberno Local sobre reclamación de danos.
2. Achegar, así mesmo, copia do expediente á Asesoría Xurídica da Deputación Provincial da Coruña, para a defensa e representación do Concello de Boqueixón.

Boqueixón, 25 de xaneiro do 2016

O alcalde:



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

12
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H

DECRETO

No Xulgado do Contencioso Administrativo número 2, de Santiago de Compostela, estase a xulgar polo procedemento abreviado 689/2015, o expediente administrativo contra o Concello de Boqueixón, en concreto contra acordo da Xunta de Goberno Local sobre reclamación de danos. A demanda interponse por Allianz Compañía de Seguros e Reaseguros SA, sendo o letrado don Carlos Ovidio Pardo Montaña e procurador don Luis Rieiro Noya.

O 18 de xaneiro de 2016 ten entrada no rexistro municipal co número 16/86, o oficio do letrado da Administración de Xustiza, polo que se require ó concello para que no prazo de polo menos quince días de antelación ao sinalado para a vista (sinalada para o 16/02/2016) se remita o expediente.

Considerando o disposto no artigo 4b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos entes locais, aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.


Á vista do artigo 21.1 K da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

RESOLVO :

1. Persoarse no dito procedemento no Xulgado do Contencioso / Administrativo número 2, de Santiago de Compostela, exercitando este concello a súa defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación ó letrado asesor xurídico da Excm. Deputación Provincial da Coruña, don Ramón Valentín López Rei, ou calquera outro letrado adscrito á dita Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos entes locais, aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña, publicano no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.
2. Comunicar esta designación ó letrado e facilitarlle cantos antecedentes e documentos sexan necesarios para os fins indicados.

Boqueixón, 25 de xaneiro do 2016

O alcalde:



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

DECRETO

No DOGA nº 246 do 28 de decembro de 2015, saíu publicada a Orde do 21 de decembro de 2015 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Tendo en conta que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno,

Polo tanto, RESOLVO:

- 1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto por motivos técnicos.
- 2.- Aprobar a solicitude á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza dunha subvención para o **Proxecto de Conservación Medioambiental 2016** e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde, cos seguintes orzamentos:
 - a) para gasto de funcionamento do persoal do Servizo de Protección e Conservación Medioambiental” por un total de 19.000 €.
 - b) para o gasto de investimento pola adquisición dunha desbrozadora de brazo por un importe de 19.650 €.
 - c) O importe total do proxecto ascende a 38.650 €, a solicitude da axuda económica ascende a 30.920 € (80% do orzamento total), o que supón unha aportación municipal de 7.730 € (20% do orzamento total).
- 2.- Aprobar a Memoria Explicativa do proxecto de “**Proxecto de Conservación Medioambiental 2016**”.
- 3.- Dispoñer da asignación orzamentaria de 7.730 € para facer fronte á aportación municipal correspondente á partida orzamentaria non subvencionable.
- 4.- Recoñecer a vinculación do gasto do servizo municipal realizado de protección e conservación do medio ambiente coas funcións desempeñadas polos operarios laborais de protección e conservación medioambiental.
- 5.- Comunicar este acordo á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Boqueixón, 25 de xaneiro de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

14
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN ALCALDÍA

Adxudicación da obra “ Reparación da Ponte de Donas sobre o rego Valpedre”

Con data 19 de xaneiro ditouse unha resolución da alcaldía na que se iniciaba, por urxencia, a contratación das obras de reparación da ponte de Donas sobre o rego Valpedre, por un importe de 8.054,91 euros (IVE incluído), segundo memoria valorada.

Debido a que o importe das mesmas, a tramitación do expediente só esixe a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, ademais do presuposto das obras.

O día 19 de xaneiro, enviásele á empresa Hnos. Couto Fandiño, SL, unha invitación para que presentasen, se o estimaban conveniente, a correspondente oferta económica. Enviásele a memoria valorada das obras.

O día 25 de xaneiro, a empresa presenta a súa proposta da realización das obras, por un importe de 8.000,00 euros (IVE incluído)

Polo tanto, debido á urxencia da realización das mesmas e debido á avocación que se fixo deste asunto, Resolvo:

1. Adxudicar a realización das obras “ Reparación da Ponte de Donas sobre o rego Valpedre” por importe de 8.000,00 euros (IVE incluído) á empresa Hnos. Couto Fandiño, SL
2. Comunicar este acordo á empresa adxudicataria para que inicien o máis axiña posible as obras.

Boqueixón, 25 de xaneiro de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

Resolución da alcaldía

Pagamento recibo seguro accidentes Voluntariado Protección Civil

Con data 28 de xaneiro de 2016, vence a póliza do seguro de accidentes dos voluntarios de Protección Civil, concertada coa Asociación Nacional de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil.

Como tódolos anos faise o pagamento da cobertura deste risco para os voluntarios que desinteresadamente presten os seus servizos nas actividades propias de Protección Civil.


O día 27 de xaneiro, con rexistro 16/141, ten entrada o recibo do seguro correspondente ó período do 29/01/16 ó 28/01/17 pola cobertura de 14 voluntarios por importe de 392,00 euros.

Resolvo:

Aprobar e aboar o recibo de cobro núm. A/13/16 con data 15/01/2016 polo concepto de seguro de accidentes e defensa xurídica de 14 voluntarios, desde o 29/01/16 ó 28/01/17 por importe de 392,00 euros.

Boqueixón, 27 de xaneiro de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Resolución de alcaldía

16
Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es

Vista a Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (DOG. Núm. 247, 29 de decembro de 2016)

Será obxecto desta convocatoria a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, que se indican a continuación: a) Instalación, ampliación ou mellora das redes de iluminación público; b) Pavimentación de vías públicas municipais, que non estean incluídas no programa de mellora de camiños de titularidade municipal, c) Construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de espazos públicos: prazas, paseos, rúas, parques públicos e parques infantís; d) Construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de edificios ou dependencias municipais destinados á prestación de servizos básicos e/ou dotación de equipamentos destes edificios ou dependencias; e) Construción, mellora, ampliación ou rehabilitación deportivas de uso público e/ou dotación de equipamentos das referidas instalacións.

Son gastos subvencionables nesta convocatoria aqueles en que incorrese a entidade solicitante, posteriormente á presentación da solicitude de axuda como consecuencia da realización de proxectos acordes cos requisitos e criterios indicados no artigo 2 da citada Orde de convocatoria. En todo caso, as subvencións están destinadas á realización de investimentos, polo que serán subvencionables a execución de obras e a adquisición de equipamentos que sexan imputables ó capítulo VI do rozamentos de gastos da entidade, de conformidade coa clasificación económica establecida pola Orde EHA/3565/2008, do 8 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

O artigo 5º *Iniciación e prazo de presentación de solicitudes, no punto 5 establece que o prazo de solicitude será dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia, polo tanto este prazo remata o 29 de xaneiro de 2016 e dado que a Xunta de Goberno terá lugar o 4 de febreiro de 2016 e atendendo a que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno,*

RESOLVE:

- 1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.

2.- Aprobar a solicitude á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA dunha subvención para o **Proxecto de Obras de melloras en edificios municipais** e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde.

3.- Solicitar á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA unha subvención por importe de 31.999,43€, e aprobar o importe do proxecto de **Obras de melloras en edificios municipais** por importe 48.399,14€.


4.- Adquirir o compromiso de participar no financiamento da aportación municipal correspondente ó Concello de Boqueixón que ascende a 16.399,71€.

5.- Recoñecer que esta entidade posúe plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios onde se pretende realizar as actuacións que integran o proxecto para o cal se solicita a subvención.

6.- Comunicar este acordo á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Boqueixón, 28 de xaneiro de 2016

Don ovidio Rodeiro Tato



O alcalde de Boqueixón